

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Caluga.
- B) Pelve.
- C) Treboada.
- D) Ventre.

2. Sinónimo de MEIGALLO:

- A) Chapeu.
- B) Feitizo.
- C) Veleno.
- D) Lóstrego.

3. Indique a palabra INCORRECTA para referirse a un dos meses do ano:

- A) Xuño.
- B) Febreiro.
- C) Setembro.
- D) Outubro.

4. Indique a palabra INCORRECTA:

- A) Prescripción.
- B) Óptica.
- C) Opción.
- D) Circunscrición.

5. Indique a palabra INCORRECTA:

- A) Vendima.
- B) Debater.
- C) Correxir.
- D) Asasino.

6. Indique a frase INCORRECTA:

- A) O sábado teño unha boda.
- B) Alfredo é unha boísima persoa.
- C) Brais é un covarde.
- D) No xardín temos plantas con flores.

7. Indique a palabra de xénero feminino:

- A) Nariz.
- B) Mel.
- C) Árbore.
- D) Sangue.

8. Sinale a relación INCORRECTA singular/plural:

- A) Gol/goles.
- B) Irmá/irmás.
- C) Paixón/paixones.
- D) Difícil/difíciles.

9. Sinónimo de ONDA:

- A) Vaga.
- B) Parálise.
- C) Orixe.
- D) Pousada.

10. Cando falamos dunha TRAPALLADA estamos a referirnos a:

- A) Unha morea de cousas ou persoas.
- B) Unha ferramenta para cortar.
- C) Un lazo que se fai con obxectos flexibles.
- D) Unha cousa mal feita.

Preguntas de reserva

1. Sinónimo de ROSMAR:

- A) Gruñir.
- B) Baixar.
- C) Tender.
- D) Esganar.

2. Se falamos do BERCE, estamos a aludir a:

- A) Unha cama de neno pequeno.
- B) Un lago pequeno
- C) Un leito artificial para conducir a auga.
- D) Un instrumento musical de corda.